



Título:	<i>Gráficas e funcións</i>
Autor:	Antón Labraña Barrero
Colección:	Guías para o profesor
Editorial:	Toxos Outos, Muros, 1994
Núm. pp.:	96
Tamaño:	24 x 17 cm

E infrecuente atopar textos matemáticos que se ocupen tamén da súa didáctica; non é habitual que estean escritos en galego; quizais aínda máis improbable é que o autor exhiba un xesto altruísta doando os seus dereitos económicos a causas nobres (á protección das aves, por medio da Sociedade Galega de Historia Natural). Por iso, e aplicando a lei do produto, podemos afirmar que nos atopamos, dede un certo punto de vista, ante un libro raro. Raro, pero dunha calidade máis que aceptable.

Como o título da colección indica e o subtítulo do libro confirma, trátase dun material destinado a usarse polo profesor na súa actividades diaria. O libro está subtítuloado como *Unidade didáctica para o estudo das funcións. (BUP-FP-ESO)*. Parte dunha introducción na que se xustifica a metodoloxía que se propón nas actividades presentadas. Esta metodoloxía está na liña coa marcada pola LOXSE, na que o alumno deixa de ser un elemento pasivo no curso das

actividades de clase.

Presenta quince actividades. O texto de cada unha delas téñ partes dirixidas ó profesor e, claramente separados, textos dirixidos ós alumnos. Nos textos correspondentes ó profesor xustifícanse as actividades, danse pautas metodolóxicas sobre o seu desenvolvemento, como a forma de agrupalos alumnos, a preparación do material, etc.; especifícanse os obxectivos que cobren as actividades; coméntanse os problemas, o seu grao de dificultade; etc. O texto destinado ós alumnos está enmarcado e nel indícanse cuestións acerca das actividades que se han de realizar, os enunciados dos exercicios, as definicións, a terminoloxía específica, as demostracións.

Os contidos da unidade tratan, ademais dos propios das Funcións e as gráficas, de procesos xerais de resolución de problemas, que o autor se encarga de facer explícitos en cada unha das

actividades. Non todas elas son orixinais. Son moi coñecidas o enchido de recipientes ou a caixa de maior volume.

Hai que distinguir entre as actividades propias do autor, o conxunto das que contitúen o Anexo, titulado “No niño do carboeiro”, que se postulan “como un exercicio do método científico”, dentro das posibilidades que unha aula permite”. Trátase dun conxunto de actividades interdisciplinares coa Área de Ciencias da Natureza, xirando “en torno á cría, crecemento e subsistencia do paxaro carboeiro ou ferreiro abelleiro (*parus major*), unha fermosa ave común dos nosos parques e xardíns”.

O libro está subvencionado pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, polo que non é estraño que conte con revisión lingüística. Este é, ademais, o primeiro libro que se publica baseándose no léxico para matemáticas elaborado polo Servicio de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago, elaborado polo matemático Xosé Masa Vázquez e a filóloga Belén Fortes López.

Non tan coidada coma o léxico é a edición do libro, onde outra vez volta a manifestarse a súa rareza (en certo senso). As galeradas empezan na segunda liña do texto cun “pr113eténdese”

Antón Labraña Barrero